

Instrución 2/2024, da Secretaría Xeral de Universidades procedemento que permita a avaliación do rendemento das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas para a atracción e retención de talento investigador en la categoría de personal investigador distinguido nas universidades del Sistema universitario de Galicia.

Orden do 31 de decembro de 2019 (DOG núm. 36, do 21.02.2020) pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades del Sistema universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (códigos de procedemento ED431H e ED431I). A dita convocatoria dispón no seu artigo 21 un proceso de avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

Este proceso realizarase a partir da documentación que se lles require ás persoas investigadoras que foron contratadas ao abeiro da citada orde polas universidades do SUG, e será realizado por un equipo avaliador formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego.

Decreto 42/2024, do 14 abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e co Decreto 138/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 23.05.2024), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades y Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do Sistema Universitario de Galicia (en adiante, SUG), seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

En consecuencia, o secretario xeral de universidades, no uso das competencias que teñe atribuídas, ditan a seguinte instrución:

- Iniciar o procedemento que permita a avaliación das persoas investigadoras contratadas no Programa de axudas para a atracción e retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades del Sistema universitario de Galicia.
- O artigo 21 da orde establece en ambas modalidades que as persoas contratadas serán sometidas a procesos de avaliación do seu rendemento científico ao finalizar o terceiro ano do contrato, de acordo coas condicións que se establecen en cada un dos anexos

ANEXO I (Artigo 6): Modalidade atracción

1. Ao finalizar o terceiro ano de contrato, as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida, para o cal deberán presentar un informe de seguimento científico-técnico da persoa investigadora contratada, incluíndo os resultados das actividades de I+D+i levadas a cabo durante ese período, e un informe de seguimento da persoa investigadora garante, que deberá ser necesariamente a persoa responsable do centro de investigación, centro de excelencia Severo Ochoa, unidade de excelencia María de Maeztu ou agrupación estratéxica, en que estea integrada a persoa investigadora.

Ademais, poderanse achegar todas as avaliacións internas ou acreditacións de calidade exixidas pola institución en que estean contratadas as persoas investigadoras, ou aquelas acreditacións oficiais obtidas por elas.



2. A avaliación do informe de seguimento científico-técnico será realizada por un equipo avaliador que estará formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, que poderá contar coa colaboración da ACSUG.

3. Nos diferentes procesos de avaliación do seguimento o órgano instrutor poderá determinar a necesidade da realización de entrevistas a todos ou a algunha das persoas candidatas, quedando incluída esta valoración no resultado do seguimento. Para a realización das correspondentes entrevistas estableceranse os procedementos adecuados e poderán designarse os órganos, comisións ou persoas expertas que se considere necesario.

ANEXO II (Artigo 6): Modalidade retención :

1. Ao finalizar o terceiro ano de contrato, as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade desenvolvida, para o cal deberán presentar un informe de seguimento científico-técnico da persoa contratada, incluíndo a docencia impartida, os resultados das actividades de I+D+i levadas a cabo durante ese período e demais actividades desenvolvidas, e un informe de seguimento da persoa responsable do departamento en que se integrou e, se é o caso, do CE.

Ademais poderanse achegar todas as avaliacións internas ou acreditacións de calidade exixidas pola institución en que estean contratadas as persoas investigadoras ou aquelas acreditacións oficiais obtidas polas elas.

2. A avaliación do informe de seguimento científico-técnico será realizada por un equipo avaliador que estará formado por persoas expertas de fóra do Sistema de I+D+i galego, que poderá contar coa colaboración da ACSUG.

3. Nos diferentes procesos de avaliación do seguimento o órgano instrutor poderá determinar a necesidade da realización de entrevistas a todos ou a algunha das persoas candidatas, quedando incluída esta valoración no resultado do seguimento. Para a realización das correspondentes entrevistas estableceranse os procedementos adecuados e poderán designarse os órganos, comisións ou persoas expertas que se considere necesario.

2. A avaliación será realizada por persoas expertas alleas ao Sistema de I+D+i galego, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), a partir da documentación facilitada polas persoas interesadas. Neste proceso rexerán os principios xerais de obxectividade, independencia e calidade das avaliacións, e teranse en conta a documentación e os criterios sinalados nos puntos 4 e 5 desta instrución.

Esta avaliación cumprirá o disposto no artigo 21 das bases desta convocatoria, e as comisións de avaliación correspondentes tomarán como referencia os criterios establecidos na Resolución do 5 de decembro de 2023, da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora, pola que se fixa o procedemento para a expedición das certificacións R3 a efectos do establecido na



Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021, modificada pola Resolución do 26 de xaneiro de 2022.

3. Para tal fin, as entidades interesadas deberán remitir, no prazo de quince días hábiles dende o día seguinte ao da publicación desta instrución, a documentación necesaria para a avaliación das axudas, na que se reflectirán os datos necesarios para avaliar o conxunto da traxectoria científico-tecnolóxica. O envío desta documentación deberá realizarse por medio do procedemento PR004A (Solicitud Xenérica da Sede Electrónica da Xunta de Galicia) e será remitida á Secretaría Xeral de Universidades, no caso de persoas contratadas por unha universidade do SUG;

4. A documentación terá que abranguer os seguintes aspectos:

- 4.1.- Currículo actualizado nun modelo normalizado (formato pdf), preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>. O currículo complementarase cos documentos xustificativos dos méritos alegados, xunto coas copias ou enlaces ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos, etc., e cun documento índice de cada un dos méritos alegados e xustificados que permita unha doada identificación de cada un deles, que se presentarán nun único documento pdf precedido dun índice.
- 4.2.- De acordo co indicado no anexo IV da Resolución do 2 de decembro de 2021, incluírase así mesmo un breve resumo das mellores achegas científico-técnicas da persoa solicitante e outro cunha relación dos méritos logrados (relativos aos apartados dos criterios de avaliación de Outros méritos curriculares, Internacionalización e Liderado).
- 4.3.- Memoria da actividade desenvolvida. Esta memoria poderá reflectir aquelas consideracións que a persoa entenda que deba facer constar e que sexan pertinentes para que o equipo avaliador poida modular os criterios atendendo a calquera das circunstancias que supuxeron unha interrupción dos contratos de acordo coas causas recollidas no artigo 18.3 da Orde de convocatoria.
- 4.4.- No caso da modalidade de Atracción un informe de seguimento científico-técnico da persoa investigadora contratada, incluíndo os resultados das actividades de I+D+i levadas a cabo durante ese período, e un informe de seguimento da persoa investigadora garante, que deberá ser necesariamente a persoa responsable do centro de investigación, centro de excelencia Severo Ochoa, unidade de excelencia María de Maeztu ou agrupación estratéxica, en que estea integrada a persoa investigadora.
- 4.5.- No caso da modalidade de Retención un informe de seguimento científico-técnico da persoa contratada, incluíndo a docencia impartida, os resultados das actividades de I+D+i levadas a cabo durante ese período e demais actividades desenvolvidas, e un informe de seguimento da persoa responsable do departamento en que se integrou e, se é o caso, do CE.

5. Criterios de avaliación

As solicitudes serán avaliadas de acordo cos seguintes criterios:

- a) Achegas científico-técnicas. Valorarase a contribución da persoa candidata nos artigos publicados en revistas científicas, os libros ou capítulos de libros científicos e técnicos, os traballos presentados a congresos, as patentes concedidas ou licenciadas, e, en xeral, calquera outra achega que permita valorar os diferentes aspectos da investigación, incluíndo a transferencia de tecnoloxía.
- b) Outros méritos curriculares. Valorarase, entre outros aspectos, a dirección de teses de doutoramento e traballos de fin de mestrado universitario, a obtención de premios, mencións e



distincións, actividades de divulgación científica e calquera outra achega que permita valorar méritos en investigación non incluídos nos anteriores apartados.

c) Internacionalización. Valorarase a participación directa en accións relacionadas con programas e proxectos internacionais, especialmente relacionados con programas de mobilidade internacional predoutoral e posdoutoral, así como as publicacións, participación ou financiamento de proxectos e contratos realizados en colaboración internacional.

d) Liderado. Valorarase a independencia investigadora da persoa avaliada mediante a súa participación como investigador/a principal en programas e proxectos de investigación nacionais, rexionais e/ou internacionais obtidos mediante concorrencia competitiva, incluídos os financiados por empresas e outras entidades privadas.

e) Na modalidade de retención valorarase a docencia impartida.

Para superar a avaliación necesítasese superar o 50% de puntuación.

Anexo I Desagregación da puntuación Modalidade Retención

Desagregación da puntuación outorgada		
Ítem valorable	Subítem valorable	Puntuación máxima
Méritos curriculares da persoa candidata		80
	Achegas científico_técnicas	40
	Liderado e independencia.	25
	Internacionalización	15
Desenvolvemento do plan de traballo		20
Totais		100

Anexo II Desagregación da puntuación Modalidade Atracción

Desagregación da puntuación outorgada		
Ítem valorable	Subítem valorable	Puntuación máxima
Méritos curriculares da persoa candidata		80
	Achegas científico_técnicas	30
	Docencia	20
	Liderado e independencia.	20
	Internacionalización	10
Desenvolvemento do plan de traballo		20



Totais	100
---------------	------------

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral de universidades

José Alberto Díez de Castro

